

LINGUA GALEGA 1

LE atentamente o seguinte poema e fai as actividades:

O año pitaño
vai no paraño.
A cabuxa luxa
marchou onda a bruxa.
O gato cegato
fuxiu ao burato.

O coello vello
anda no cortello.
O galo ralo
rubiuse no valo,
e a galiña tiña
está na cociña.

Anda, neniña,
déixaos estar,
e imos brincar
coas cunchas do mar.



1º) Debuxa os seguintes animais:

- Año. Lembra que un año é o fillo dunha ovella.
- Cabuxa. Lembra que unha cabuxa é un animal a quen lle gusta moito trepar polas montañas e ten cornos.
- Gato.
- Coello.
- Galiña.

Pincha neste ENLACE e escoita o conto do COELLIÑO BRANCO que xa coñeces moi ben

<https://www.youtube.com/watch?v=-oUd4n4WPtg>

Si tes ordenador ou Tablet poderás escoitar de novo o conto, esta vez lido, e facer unha chea de actividades superdivertidas relacionadas coa historia.

Pincha no enlace:

<https://www.chiscos.net/xestor/chs/belenjunquera/coellino2/coellino.html>

A miña amiga e mais eu
andamos a un compás,
coas pernas para adiante
e os pés para atrás.

Somos sete irmáns,
que só vivimos un día.
Cando un nace, outro morre
e así pasamos a vida.

Voo sen ás,
asubío sen boca,
azouto sen mans
e ti non me ves.



Ditorial



Unha oración que di algo: _____

Unha oración que pregunta: _____

Unha oración que exclama: _____

Fonte: Editorial Vicens Vives

COMPROBA o que fixeches:

A miña amiga e mais eu
andamos a un compás,
coas pernas para adiante
e os pés para atrás.

Notas musicais

Somos sete irmáns,
que só vivimos un día.
Cando un nace, outro morre
e así pasamos a vida.

Os días da semana

Voo sen ás,
asubío sen boca,
azouto sen mans
e ti non me ves.

O vento



Unha oración que di algo: Pai, teño moita fame.

Unha oración que pregunta: Xa está o caldo?

Unha oración que exclama: Que bo!

LINGUA GALEGA 2

Le atentamente o seguinte texto:

A viaxe de Carolina


Carolina, a ra máis nova do río Canteiro, levaba horas enriba dunha pedra. Estiraba a lingua a toda velocidade para facerse con calquera dos insectos despistados que voaban preto da auga. Como aínda non tiña práctica, cando o sol chegou ao punto máis alto do ceo, só puidera comer unha mosca e dous mosquitos. A aquel paso, custaríalle todo o día encher a barriga!

Carolina decidiu botar unha soneca antes de continuar coa cazaría. Xa lle doía a lingua! Acomodouse dentro dunha folla verde que lle parecía perfecta, porque se curvaba suavemente protexéndoa do sol, e adormeceu enseguida.

Mentres soñaba con gordos abázcaros que se lle metían na boca por vontade propia, Carolina non se decatou de nada do que pasaba ao seu redor. Non viu que as outras ras se afastaban, non oíu que a auga facía máis ruído ca antes e non notou que, pouco e pouco, a enchente do río arrastraba a folla que lle servía de leito.

Cando espertou, sobresaltada polo chío dun paxaro, asustouse tanto que houbo de caer na auga. Onde estaba?

-Mamá! -berrou-. Mamáaaa!!!!



Pero a súa nai non podía oíla. A folla navegaba a toda velocidade río abaixo, esquivando pedras e remuíños, e Carolina xa non recoñecía nada do que vía ao seu redor.

Concentrada en non perder o equilibrio, bambeando o corpo para axeitarse ás oscilacións da folla, a ra xa non se lembraba da fame. Ao cabo duns minutos, con sorpresa, descubriu que tampouco se lembraba do medo. Era emocionante facer aquela viaxe polas augas bravas do río, sentir a forza do vento na pel, descubrir territorios descoñecidos...

Pouco e pouco, a forza da auga foi minguando. O río, chegando á chaira, descansaba placidamente da súa precipitada viaxe costa abaixo e escorregaba paseniñamente cara ao mar. A corrente foi levando cara á beira do río a folla de Carolina e a ra alcanzou a terra dun chimpo.

–Que fame! –exclamou ao momento.

Sen pensalo, lanzou ao aire a lingua e agarrou unha mosca que pasaba.

–Mmmm!

Encantada da vida, Carolina cazou aínda unha parella de abázcáros antes de volver á casa seguindo pola beira o curso do río. Tiña por diante un camiño longuíssimo... Non era cousa de facelo coa barriga baleira!



VOCABULARIO

ABÁZCAROS.- Son os machos das abellas, tamén se poden chamar abellóns.

Fai as seguintes actividades. Podes volver a ler cantas veces o precises.

1 Por que cazaba pouco Carolina? Marca.

Porque tiña pouca práctica.

Porque xa comera demasiados insectos.

2 En que orde ocorreron os feitos? Numera do 1 ao 4.

A corrente suavizou e Carolina puido alcanzar a ribeira.

A corrente arrastrou a Carolina río abaixo.

A ra espertou e intentou guiar a folla pola corrente de auga.

Carolina deitouse a durmir nunha folla moi xeitosa.

3 Cal era o insecto preferido de Carolina? Arrodea.



4 Contesta.

■ Por onde regresou Carolina á súa casa?

■ Que fixo antes de emprender o camiño?

5 VOCABULARIO.

Colorea a escena en que Carolina dá un chimpo.



COMPROBA o que fixeches:

1 Por que cazaba pouco Carolina? Marca.

- Porque tiña pouca práctica.
- Porque xa comera demasiados insectos.

2 En que orde ocorreron os feitos? Numera do 1 ao 4.

- 4 A corrente suavizou e Carolina puido alcanzar a ribeira.
- 2 A corrente arrastrou a Carolina río abaixo.
- 3 A ra espertou e intentou guiar a folla pola corrente de auga.
- 1 Carolina deitouse a durmir nunha folla moi xeitosa.


3 Cal era o insecto preferido de Carolina? Arrodea.



4 Contesta.

- Por onde regresou Carolina á súa casa? Pola beira
do río.
- Que fixo antes de emprender o camiño? Comer
unha parella de abzáncanos

5 VOCABULARIO. Colorea a escena en que Carolina dá un chimpo.



Fonte : Editorial Santillana

LINGUA GALEGA 3

Le atentamente e lembra cando usamos as letras:

LEMBRA

O son **Z** de *zapato* pódese representar con **z**
ou con **c**.

- Escríbese **z** diante de **a, o, u** e ao final de palabra.
- Escríbese **c** diante de **e, i**.

1 Pinta. Que palabras conteñen o son z de cen?

encestar

acusar

acio

ábaco

dozura

encargar

cerebro

enderezo

almorzar

acción

2 Clasifica as palabras que pintaches segundo a forma en que se escriben.

Conteñen **za, zo, zu** ▶ _____

Conteñen **ce, ci** ▶ _____

3 Ordena as sílabas e escribe palabras.



ZO OU RI



TE CEI A



NA ZU CE A



CLE BI TA CI



ZA PO

4 Completa con z ou c.

- Compramos marmelada de caba__a, __ume e pan de __enteo para o almor__o.
- O vestido de l__ía leva un la__o a__ul que lle __ingue a __intura.

LEMBRA

As **oracións** son mensaxes que expresan as nosas ideas e os nosos sentimentos por medio da linguaxe. Están formadas por palabras colocadas nunha orde determinada.

As oracións teñen **suxeito** e **predicado**.

1 Marca cunha barra (/) o final de cada oración e responde.

A durmir!

Xa hai un anaco que papá e mais eu ceamos.
Agora vou lavar os dentes e irei correndo
para a cama. Onde deixaría o pixama?
Ai, que sono teño!



- Que signos che axudaron a saber onde acababa cada oración? _____

2 Copia cada oración nunha liña e anota cantas palabras ten.

As cegoñas fan niños enormes. Gústalles as torres.
Alá arriba séntense moi ben.


_____ ▶ _____

_____ ▶ _____

_____ ▶ _____



3 Escribe oracións engadíndolles predicados aos seguintes suxeitos.



As abellas _____

Meu irmán e mais eu _____

COMPROBA o que fixeches:






1 Pinta. Que palabras conteñen o son z de cen?

encestar acusar acío ábaco dozura
encargar cerebro enderezo almorzar acción

2 Clasifica as palabras que pintaches segundo a forma en que se escriben.

Conteñen za, zo, zu ► dozura, almorzar, enderezo
 Conteñen ce, ci ► encestar, acío, cerebro

3 Ordena as sílabas e escribe palabras.

    
 ZO OU RI TE CEI A NA ZU CE A CLE BI TA CI ZA PO
OURIZO ACEITE AZUCENA BICICLETA POZA

4 Completa con z ou c.

- Compramos marmelada de cabaza, zume e pan de centeo para o almorzo.
- O vestido de cia leva un lazo a zul que lle cingue a cintura.

1 Marca cunha barra (/) o final de cada oración e responde.

A durmir!

Xa hai un anaco que papá e mais eu ceamos.
 Agora vou lavar os dentes e irei correndo para a cama. Onde deixaría o pixama?
 Aí, que sono teño!



- Que signos che axudaron a saber onde acababa cada oración? O punto, o signo de interrogación e o signo de exclamación.

2 Copia cada oración nunha liña e anota cantas palabras ten.

As cegoñas fan niños enormes. Gústanlles as torres.
 Alá arriba séntense moi ben.

As cegoñas fan niños enormes ► 5
Gústanlles as torres ► 3
Alá arriba séntense moi ben ► 5



LINGUA GALEGA 4

Fai as actividades no teu caderno:

Separa as sílabas destas palabras e clasifícaaas:



reno



ra



agasallo



boneca



camelo



pelota



pan



flor



bóla



uvas

1 sílaba
monosílabas

2 sílabas
bisílabas

3 sílabas
trisílabas

4 sílabas
polisílabas

REPASAMOS o uso da letra maiúscula.

Copia de novo este pequeno texto no teu caderno correxindo os erros no uso da letra maiúscula.

LEMBRA:

Usamos letra maiúscula cando empezamos a escribir un texto.

Usamos letra maiúscula nos nomes de personas, mascotas e lugares.

Usamos letra maiúscula despois dun punto.

no poboado africano de kutaba, preto do lago
tarambero, a Xente vivía moi tranquila, pescando
peixes e cultivando trigo.

un día, a unha parella nova que acababa de casar,
ikele e due, acontecelles unha cousa ben estraña:
Naceulles un Fillo de pel clara.

Roberto PIUMINI: *O Peto Máxico* (adaptación).
A Coruña, Vicens Vives, 2014.



LEMBRA que as palabras sinónimas son aquelas que significan o mesmo.

Escrebe de novo as oracións seguintes no teu caderno empregando os sinónimos que ahí dentro das nubes.

Selecciona as palabras sinónimas:

O avó estaba *feliz*.

ledo triste

alegre

Os rapaces estaban na biblioteca.

adultos cativos

nenos

Busca o nome das imaxes na sopa de letras:



dominó • oca • flor • encerado
 pano • tartaruga • aforcado • can
 billarda • chave • petanca • tres



1 sílaba

2 sílabas

3 sílabas

4 sílabas

COMPROBA como o fixeches:

Separa as sílabas destas palabras e clasifícaaas:



reno



ra



agasallo



boneca



camelo



pelota



pan



flor



bóla



uvas

1 sílaba
monosílabas

ra
pan
flor

2 sílabas
bisílabas

re-no
bó-la
u-nas

3 sílabas
trisílabas

bo-ne-ca
ca-me-lo
pe-lo-ta

4 sílabas
polisílabas

ra-ga-sa-llo

No poboado africano de Kutaba, preto do lago
 tarambero, a xente vivía moi tranquila, pescando
 peixes e cultivando trigo.

Un día, a unha parella nova que acababa de casar,
 keke e due, acontecelles unha cousa ben estraña:
 Naceulles un fillo de pel clara.

Roberto PIUMINI: *O Peto Máxico* (adaptación).
 A Coruña, Vicens Vives, 2014.



Selecciona as palabras sinónimas:

O avó estaba feliz.

ledo

triste


alegre

Os rapaces estaban
 na biblioteca.

adultos

cativos

nenos



dominó • oca • flor • encerado
 pano • tartaruga • aforcado • can
 billarda • chave • petanca • tres



1 sílaba

flor, can, tres

2 sílabas

o-ca, pa-no, cha-ve

3 sílabas

do-mi-nó, bi-l-lar-da, pe-tan-ca

4 sílabas

tar-ta-ru-ga, en-ca-ra-do, a-for-ca-do